

RODIÑO 1947

Relato dun suceso real

Juan M. Viaño Rey

Primeira entrega: Rodiño-Sergude-Boqueixón-A Coruña, 11 de maio de 1947

A primavera daquel ano estaba sendo de moita choiva en toda a comarca do Ulla. Aquel martes, día once de maio, o Pico Sacro amañeceu cuberto de nubes negras e parecía que seguiría así o día enteiro. Cando aparecían esas nubes, dicían os veciños que o Pico estaba “cocendo pan”. Como todos os días once de cada mes, era a feira na carballeira de Rodiño, aldea das grandes da parroquia de San Verísimo de Sergude, no concello de Boqueixón, na provincia da Coruña, a uns quince quilómetros de Santiago de Compostela. Con aquel tempo, seguro que a feira valería pouca cousa. Mágoa, porque a feira de maio era das boas. Un mercado de animais e produtos de horta dos mellores da bisbarra: non había vaca, cucho ou porco que non se levara a Rodiño cando se quería vender. Tamén se facían feiras en Lestedo, en Santiago, na Estrada, en Padrón, Lalín, Arzúa,.. Os animais, e os seus donos, percorrían corredoiras e carreiros para expoñer en todas as que podían, ata que se vendían. Aínda non se inventara algo tan sinxelo coma ir mercar polas casas.

Facía oito anos que o xeneral Franco consumara o golpe de estado e acabara a guerra civil en España. A penas dous anos antes os aliados acabaran co réxime nazi de Hitler e os Estados Unidos ensombreceran o futuro da humanidade lanzando dúas bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki, poñendo punto e seguido as guerras; non punto final, como pensaron. Eran anos de penurias e necesidades, de fame. En Galicia, aínda máis. Invernos longos e chuviosos, camiños anegados de auga e lama, roleiros, regatos, ..., nunha sociedade rural moi atrasada, illada do mundo. O lume na lareira, o porquiño para matar, o caldo de verzas

e touciño, bolos de pote, dúas vacas e o carro, a sementeira, o muíño, tornar a auga no prado, facer pan cando se podía... Aquí comezaba e acababa o mundo da maioría dos galegos e das galegas nas aldeas. Así era nas de Sergude, Lamas, Gastrar... en todo Boqueixón... en toda a Galicia rural.

Por iso as feiras, as misas, os enterros e as mallas tiñan tanta importancia. Ademais do mercado, o rezo, o morto e o palleiro, era moi importante ver a xente da redonda. Ocasións para ver o que medraran os sobriños ou como estaba a filla casada noutra parroquia. Ocasións para beber unhas cuncas de viño, parolar coas mozas e mozos e, se cadraba, atopar con quen casar.

Celia, de Sergude, e Pepe, de Lamas, xa levaban algún tempo moceando xuntos e tiñan pensado casarse aquel mesmo ano. Aquel día once de maio quedaron de verse na feira de Rodiño. Celia era unha moza agraciada á que xa lle tiñan feito as veiras outros mozos da bisbarra. Algún deles non asumía que Celia o deixara por Pepe. Mesmo lle tentaran pensamentos de vinganza.

Ramiro, tamén de Lamas, era un mozo de vinte e dous anos que non perdía ningunha feira. Aquel día quedara de verse en Rodiño cos seus primos e o seu tío. Pepa, súa nai, non quería que fora. Xa sabía que as cousas entre os mozos de Lamas e os de Gastrar non andaban moi ben. Na maldita posguerra había moito medo e moito control por parte do réxime. Aínda así, moi a miúdo, grupos ou familias, mozos ou non, acababan a paus as súas discusións. Tamén os máis ricos acababan impoñendo a súa lei a base de fungueirazos ou ... tiros, pois ios que podían levaban pistola no peto!

As rivalidades dos mozos de Lamas cos de Gastrar xa viñan de lonxe. Aquel once de maio, uns e outros estaban convencidos de que en Rodiño se podía armar unha boa. Polo que puidera pasar, moitos subiron xa preparados con legoñas, paus e navallas.

Fora polo que lle dixeran súa nai, fora porque llo daba o seu corpo, a Ramiro bulíalle a cachola, tiña coma un presentimento de que na feira “do día once” podía pasar algo. Por tres veces saíu cara Rodiño e por tres veces dou volta cara atrás antes de saír pola cancela. Por fin, a media mañá, botou a andar decidido a todo. Xa chovía abondo, pero non facía frío.

Pepe, o mozo de Celia, tampouco se levantara moi animado aquel día. Estaba moi magoado do traballo dos últimos días na estivada do monte. Ademais estaba comezando a chover. Quedara de ver a Celia na feira, pero aínda estivera con ela o domingo. Non lle gustaba ir a feira chovendo e, aínda por riba, andaban as cousas mal cos de Gastrar ... ¡Se puidera avisar a Celia de que hoxe non foran á feira! De mala gana, colleu no cuberto un paraugas vello e botou a andar cara Rodiño.

Amador e o seu irmán Xenaro xa saíran pola mañá da súa casa en Sergude. Xenaro era un rapaz de dezaseis anos e aínda non sabía o que eran as feiras. O seu irmán prometéralle que o levaría a Rodiño e tomarían uns viños na taberna de Gregorio, onde se reunían os demais compañeiros da parroquia, que facían boas migas cos de Gastrar. Na de Gregorio, atopáronse coas cuadrillas ben coñecidas das dúas parroquias, que nunca faltaban. Todos, coa roupa de festa, saíran moi cedo, sen medo á chuvia.

Gregorio serviu xerras de viño branco da Ulla e roxóns de touciño toda a mañá. O que máis e o que menos estaba ledos e fanfarrón polo alcohol que tiña dentro. Xenaro, aínda moi novo, non aguantou máis cas primeiras cuncas: deitouse a durmir debaixo do palleiro de Gregorio, vixiado polo seu irmán.

Os mozos de Lamas fóranse achegando á taberna do Portugués, a corenta metros da de Gregorio. Alí estaba Ramiro e o seu tío con outros veciños. Alí tamén se bebeu a caño libre. Viño tinto do Ribeiro que se subía ás cacholas antes que baixaba aos estómagos. Os ánimos estaban moi quentes. Cara o mediodía, xa se escoitaron ameazas e insultos cruzados entre os grupos das

dúas tabernas. Ninguén paraba de beber. Estaba cantado que chegarían ás mans e se armaría unha liorta, coma case sempre.

Aínda que o día non estaba gran cousa, a feira non era mala de todo. Os feirantes movíanse de aquí para alí facendo negocio antes do mediodía. Esperaban con ansia para tomar o polbo e a carne asada na do Portugués ou na de Gregorio. Xenaro seguía durmindo no palleiro. Pepe e Celia xa tiñan dado varios paseos pola feira conversando entre eles e cos veciños que atopaban. Sentáronse a descansar un pouco no valo do atrio da capela de San Bieito, debaixo dos carballos. De repente, na dirección das tabernas ouvíanse gritos de xente asustada que escapaba cara a carballeira. Pepe comprendeu nun instante que os seus veciños de Lamas debían ter problemas cos de Gastrar. Botaron a andar a carreira cara alí. Uns pasos máis adiante albiscaron algúns mozos con vasos e xerras de viño na man. A berros, entraban e saían das tabernas, levantando xerras e vasos, pero tamén paus, eixadas e legoñas.

¡Están tolos!, pensou Pepe. O corazón botábaselle fora do peito e o sangue golpeáballe nas tempas. Celiatirabadesesperadamente daman de Pepe para que non se achegara máis ao grupo de alporizados.



Nun momento, ela descolgouse e quedouse atrás, no medio de moita xente que miraba aterrada o que estaba pasando. Pepe achegouse ao grupo dos seus veciños de Lamas. Case non tivo tempo de reparar nas caras. Alí estaba o tío de Ramiro cunha orella colgando e sangrando coma un porco. Ramiro, fora de si, metíase no medio para protexelo. Os mozos de Lamas saíron todos do Portugués para poñerse de lado de Ramiro e do seu tío. Pepe non o dubidou e meteuse entre eles. Agora xa non sabía nada de Celia, pero non podía deixar de pensar nela. A pelexa embarullouse durante varios minutos. Houbo fungueirazos, coiteladas e pedradas sen tino. Os estragos nas persoas foron irreparables.

Ramiro a penas sentiu unha pequena pinchada na parte dereita da barriga. Nunca soubo quen se lle arriu para cravarlle aquela navalla de folla estreita que lle chegou ao figado. Os seus amigos tapáronlle a ferida con todo o que atoparon para evitar que se desangrase. A xente pedía auxilio e, atolada, saía a carreira do campo da feira. Estaban todos cegos de rabia. Corrían uns detrás doutros para mallar no primeiro que atopaban. No cruce do camiño cara o Outeiro de Lamas cacharon a Pepe. Non soubo daquela, nin o sabería nunca, quen lle mandou aquela pedrada na caluga. Pero, no momento de recibila, comezou a ver todo negro, mantívose de pé uns segundos vendo como todo lle daba voltas e, sen remedio, caeu na lama do camiño e perdeu o sentido. Non espertaría nunca. Aínda consciente, foi capaz de rosmar: *¡Avisade a Celia.....que morro!.* Nese momento soltáronlle enriba outra pedra que lle fendeu a cabeza. Tamén se di que algún lle cravou un coitelo no cranio. As patadas que aínda lle choveron despois xa non as sentía.

Ademais de Pepe, Ramiro e o seu tío, houbo moitos máis feridos. Con dous homes estirados no chan e outros encollidos ou sangrando debaixo dos carballos, a liada foi moi difícil de acalmar. Os que puideron escaparon monte arriba ou cara a súa casa. A pelexa foi das máis duras que se viran naqueles tempos, polo número de homes que se petaban, as armas que tiñan e a violencia coa que as utilizaron. Aínda que a Garda Civil patrullaba a miúdo polas feiras, inexplicablemente, aquel día non viñeran a Rodiño, aínda que todos sabían que as cousas pola zona pintaban mal desde facía tempo.

Xenaro seguía no seu sono. Amador, vendo que a loita e os gritos de auxilio continuaban, espertouno cunhas fortes sacudidas. Xenaro levantouse como puido e os dous saíron cara a parte de diante das tabernas. O espectáculo era aterrador: varios homes axudaban a cargar feridos e moribundos no camión de Roberto que xa tiña o gasóxeno acendido e estaba a piques de arrancar cara o sanatorio de Señaris en Santiago. A caixa do camión ía chea de homes feridos e roupas pingando sangue e viño. Eran as tres da tarde. Celia, acompañada agora dalgúns amigos, non sabía aínda o que pasara. Non tardou en coñecer que o seu Pepe ía en Santiago coa cabeza esmagada.

Antonio, de Sergude, recibira, sen saber de que maneira, unha pedrada cun croio que lle abriu unha brecha na testa pola que non paraba de sangrar. Pero non tivo que ir ao hospital. En canto puido botou a andar cara a casa. Con el viñan os seus irmáns e outros compañeiros. Na Pontenova baixaron ao río Pereiro para lavarlle a ferida. Nesas estaban cando pasou cara Santiago o camión de Roberto coa arrepiante carga de feridos. Alguén aínda tivo forzas e mala idea para subirse ao roleiro e tirarlle pedras aos feridos e a cabina da camioneta.

Xenaro e Amador tamén viñan cara a casa e atoparon cos seus veciños na Pontenova. Querían saber o que pasara pero todos ficaban mudos. Antonio, coa testa aberta, non era capaz de articular palabra. Por fin alguén ordenou: *"Xa volo contaremos mañá; hoxe será mellor pecharse na casa e non pensar máis nesta merda"*. Os mozos de Gastrar e Lamas ilesos ou con feridas leves tamén se refuxiaron nas súas aldeas.

A media tarde xa se soubo que Pepe estaba agonizando. Morreu á noite. Con el tamén morreu parte da vida de Celia. Despois da autopsia, sería soterrado no cemiterio de Lamas o día doce. Tiña vinte e sete anos. Ao enterro acudiu moitísima xente de tódalas parroquias da redonda. No cemiterio oíase o silencio e a incredulidade sobre o sucedido. Ramiro seguía no hospital pero xa non llas contaban boas. Alí foino visitar Celia, despois do enterro de Pepe. Morreu as poucas horas. Foi soterrado o día catorce no mesmo cemiterio co mesmo silencio e a mesma tristeza infinita.

O suceso foi unha noticia nacional. Xosé, veciño de Sergude, compañeiro dalgúns implicados na pelexa, iniciara aquel ano o servizo militar na

Mariña. O día trece de maio de 1947 estaba facendo garda no dragaminas "Eolo" que atracara no porto de Barcelona uns días antes. Un compañeiro de Cartaxena veu correndo cara el cun exemplar de "El Correo Catalán". Na páxina de sucesos, con grandes titulares, José leu a noticia: *"Batalla campal entre vecinos en Sergude (Santiago). Al menos un muerto y varios heridos. Grupos de jóvenes bebidos se atacaron con piedras y navajas"*. Xosé non podía dar crédito ao que lía, aínda que xa había tempo que se convencera de que algún día pasaría algo así.

Nos días seguintes, a Garda Civil practicou moitas dilixencias. Houbo varios detidos en Sergude, en Lamas e en Gastrar. Houbo xuízo pero os autores directos das feridas mortais non puideron ser identificados. As condenas máis altas foron de dous anos e medio na cadea. Din que algúns

caciques da zona fixeron un bo traballo para librar aos condenados. Moitos deles emigraron a América para refacer as súas vidas. Celia ficou na súa terra, en Rodiño, onde casou, tivo varios fillos e viviu ata os noventa anos.

Aquela liorta deixou marcados polo odio algúns corazóns. Despois dalgún intento serio de cobralas mortes pola súa conta, os desexos de vinganza foron esmorecendo co paso dos anos. As familias dos falecidos e as dos implicados, deron mostras dunha grande condición humana tratando de esquecer e non botar máis leña naquel lume. A vida foi vindo ao seu, pero a feira de Rodiño non puido sobrepoñerse daquela traxedia. Non se pechou inmediatamente pero aquel once de maio de 1947 comezou a morrer pouco a pouco. Dous ou tres anos máis tarde desapareceu.

Segunda entrega: Rodiño-Sergude-Boqueixón-A Coruña, 9 de agosto de 1998

Franco morreu fai case vinte cinco anos e o muro de Berlín caeu fai case dez. As corredoiras cheas de lama, os carreiros, os roleiros, as lareiras deixaron paso a pistas asfaltadas, casas con todas as comodidades e adiantos. Os animais domésticos xa non forman parte do traballo cotiá pero si de grandes explotacións agrícolas nas que os tractores e a maquinaria fan o traballo máis duro. Os animais cómpranse e véndense nas propias explotacións. Os tempos son outros. As diferencias xa non se solucionan a pedradas nin con pelexas, senón con diálogo e respecto.

Cincuenta e un anos despois da traxedia, a feira de Rodiño restaurouse gracias ao traballo da Asociación de Veciños de Sergude (en cuxa directiva estaba un fillo de Celia). No segundo domingo de cada mes celébrase a nova feira, mellor dito, mercado, porque nela xa non se mercan animais pero si plantas, froita ou roupa.

Algúns protagonistas daquela traxedia, os seus fillos e os seus descendentes poden agora reunirse na mesma carballeira de Rodiño, lonxe daquel ambiente de enfrontamento. Celia, Amador, Jenaro e outros veciños, coas cabeleiras brancas e apoiados nos seus bastóns ou nos paraugas, pasean pola carballeira despois de escoitar misa e comer o polbo preparado do mesmo xeito que fai cincuenta anos. Veñen conducindo os seus coches que aparkan á sombra dos carballos.

As lembranzas destes feitos tan tristes deixaron marcadas para sempre as vidas dos seus protagonistas e de todos os veciños. Desgraciadamente a historia xa non se pode cambiar. Quixemos recuperala aquí para ensinanza dos máis novos. Para que saibamos respectar a convivencia lograda ao longo destes anos. Pepe e Ramiro gustaríalle que o fagamos así.

Terceira entrega: Rodiño-Sergude-Boqueixón-A Coruña, 11 de maio de 2022

Hoxe cúmprense setenta e cinco anos da traxedia de Rodiño do ano 1947. A feira restaurada fai vinte catro anos segue celebrándose pero sen vitalidade. O comercio faise nas grandes superficies comerciais nas aforas de Santiago. A pandemia do virus Sars-Cov-2 leva castigando a humanidade máis de dous anos con máis de cen mil mortos en España e máis de tres mil en Galicia. Unha máscara tapabocas é obrigada para toda a poboación. A alegría das xentes nos mercados e festas está desaparecida e tardará en volver.

Fai apenas dous meses Rusia declaroulle a guerra a Ucraína e invadiu o territorio por terra e aire, chegando á capital, Kiev. O seu presidente, V. Putin, ten morriña das antigas fronteiras da URSS, desfeita a partir de 1989, coa caída do muro de Berlín. Toda Europa está co corazón encollido ante a ameaza nuclear que podería desatar unha terceira guerra mundial. Con certas cousas é mellor non xogar...

A taberna de Gregorio é hoxe una ferraxería de moita sona atendida por un dos seus netos, fillo de Secundino, que foi alcalde de Boqueixón nos anos oitenta. A taberna do Portugués, atendida tamén por un neto do fundador, segue a servir viño do Ribeiro e racións de polbo, diante de televisores a cor de máis de cincuenta polgadas. De vez en cando, mozos e mozas fan foliada de gaitas e pandeiretas que traen nas súas mochilas, xunto aos seus ordenadores portátiles e os teléfonos móbiles, fabricados en China. Ademais dos veciños é fácil atopar alí profesionais, empresarios e políticos da comarca, incluído Santiago.

Fai uns días, un bo amigo e eu fixemos unha longa andaina, bordeando o Pico Sacro, paramos na carballeira de Rodiño e bebemos un grolo de viño no Portugués. Dende alí escoitamos o paso do tren de alta velocidade sobre o viaduto do río Pereiro, construído fai quince anos, circulando entre Ourense e Santiago a case trescentos quilómetros por hora, sen perturbar a eterna



tranquilidade da carballeira e a capela de San Bieito. Continuamos camiño e rematamos ao pé das sepulturas nas que están soterrados Ramiro e Pepe, na mesma entrada do cemiterio de Lamas, á sombra da imponente igrexa parroquial de Santa María.

As dúas vítimas e demais protagonistas da triste batalla campal de Rodiño descansan na paz infinita. Todos foron falecendo nestes anos. Celia, Xenaro, Amador, Xosé e familiares de Pepe e Ramiro, contáronme, fai vinte e cinco anos, con vágoas nos ollos, os terribles detalles desta desgraza, afortunadamente desterrada da memoria colectiva. Hoxe xa non viven as testemuñas dos feitos nomeadas nestas páxinas, escritas tan só en lembranza e homenaxe a todas elas, neste setenta e cinco cabodano.